

Á VOLTA DA ESQUINA

[Thomas Stuber, 2018]

511

ESTREA EN NUMAX: 12.04.2019 | V.O.S.E. +12

In den Gängen (2018, 125')

Dirección: Thomas Stuber

Guión: Clemens Meyer, Thomas Stuber

Elenco: Sandra Hüller, Franz Rogowski, Peter Kurth, Ramona Kunze-Libnow

Son: Christoph Schilling

Montaxe: Kaya Inan

Dirección de arte: Daniela Grömke

Vestuario: Juliane Maier, Christian Röhrs

Fotografía: Peter Matjasko

Produtoras: Sommerhaus Filmproduktionen (Alemaña)

Distribuidora: Surtsey Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Alemán

FILMOGRAFÍA

Kruso, 2018 [TV]

Más allá de la amistad, 2016 [TV]

Herbert, 2015

Angustia adolescente, 2008

SINOPSE

Christian, un mozo solitario e tímido, comeza a traballar nun gran supermercado. Bruno, «o das bebidas do corredor», acólleo baixo a súa tutela e axiña se convarten en amigos. Xusto ao carón traballa Marion, «a rapaza dos doces» e Christian namora inmediatamente do seu misterioso encanto. A máquina de café convértese no seu lugar de encontro e os dous comezan a coñecerse. Pero Marion está casada e os sentimentos de Christian por ela parece que non son correspondidos, especialmente, cando ela un día non regresa ao traballo.

«Un filme íntimo, poético, divertido, conmovedor, abraiante... pero sobre todo excepcional»

FILMSTARTS



“O meu amor por Roy Andersson e Aki Kaurismäki está presente no filme”

Entrevista con Thomas Stuber

Por Kaleem Aftab

Cando foi a primeira vez que liches o conto escrito por Clemens Meyer?

Lino por vez primeira hai oito ou nove anos. *Á volta da esquina* era parte dunha colección de historias curtas e impresionoume bastante. Non sei se tiña lido algo similar antes, tiña só 25 páxinas e resultaba moi simple pero tiña tanta atmosfera e profundidade... Quería convertelo nun filme.

Foi difícil adaptar as 25 páxinas para un filme cunha duración de máis de dúas horas? A adaptación cinematográfica da historia xunto con Clemens foi un proceso difícil e interesante. Por unha banda, resulta doado porque contas con algo que xa foi escrito e non tes que inventalo, pero por outro lado non é unha peza de literatura clásica, non é unha novela. Hai varios días lin o conto outra vez e sorprendeume o moito que nos rendeu o texto. Había unha pequena parte de dúas liñas que se converteu en tres escenas de 14 minutos. En esencia, todo estaba alí. Analizamos cada tema e cada imaxe e procuramos a mellor maneira de presentalo.

En *Á volta da esquina* atopamos a influencia de Wes Anderson, Roy Andersson e Aki Kaurismäki. Queríaslles render homenaxe? Claro, vexo moitos filmes de moito estilos e xéneros diferentes. Se ves a miña anterior película, *Herbert* (2015), podes comprobar que é completamente distinta. Graveino con cámara ao ombreiro e formato panorámico. Así que pensei que aquí tiñamos que facer algo totalmente diferente. O meu amor por Andersson e Kaurismäki está presente no filme fíxome ver os seus filmes de novo. A soidade é un aspecto moi importante no cinema, coido que é fundamental para Kaurismäki e encántame a maneira en que el a combina con humor, iso é o que fai que os seus filmes sexan tan maravillosos.

Porque quixeches introducir o elemento do narrador no filme?

Sempre quixen crear un filme onde se tivese a sensación de que a historia está a ser contada. Non quería unha película onde sentises que os acontecementos están a suceder no momento no que os vemos. Para min o obxectivo dun procedemento do estilo *déixame contarche algo que me sucedeu* é que sempre te coloca nun estado de melancolía. É sempre algo diferente lembrar un momento que experimental no presente. As imaxes que temos na cabeza cambian e algunhas veces o resultado é diferente do que realmente sucedeu. Pensei que iso encaixaría ben co realismo máxico do filme e a narración tamén serve como contraste: ao comezo parece non axeitarse ao personaxe de Christian, que é un home

de poucas palabras, porque cando fala vemos que di cousas intelixentes. Non quería que ninguén quedase coa idea de que Christian fose parvo.

* * *

Notas do director

Thomas Stuber

Cando comecei a ler a colección de contos *Todas as luces*, de Clemens Meyer, axiña soñei con adaptar á pantalla a historia de *Á volta da esquina*. Non podía deixar marchar a idea do mozo solitario que se mergulla nos corredores nocturnos dun supermercado maiorista.

A crepitación do vehículo de carga na rampa, o cigarro secreto na quenda, a cafeteira, o xefe da noite que estreita a man de todos ao remate da xornada... A historia de Meyer ten unha inmensa profundidade e traxedia, pero precisa eses poucos detalles para cobrar vida. Amor e morte no supermercado. Marion ‘a doce’, Bruno, Rudi, Irina e Klaus ‘Paletas’, todos sobrepasan os límites do clixé, da súa propia existencia. O que queda é a certificación da camaradería, a calidez e un pouco da felicidade só son posíbeis nos corredores do supermercado.

Publicado en surtseyfilms.es
Tradución Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax